

EXERCICIOS GRECIA

1.- Relaciona cada concepto coa súa definición

Polis	Área elevada dunha cidade. Servía de refuxio e, ao mesmo tempo, era o lugar de ubicación dos principais templos.
Colonia	Cidades Estado independentes, con leis, gobernos e exércitos propios.
Ágora	Territorio sometido ao dominio doutro, do que obtén algún tipo de beneficio.
Acrópole	Gran praza central na que se desenvolvían as principais actividades económicas e políticas.

2.- Relaciona cada concepto político con Atenas ou Esparta

Democracia →	Sociedade militar →	Consello de anciáns →
Heliea →	Boulé →	Oligarquía →
Filosofía →	Ecclesía →	Maxistrados →

3.- Relaciona cada institución ateniense coa función correspondente

Maxistrados	Ecclesía	Boulé	Heliea
-------------	----------	-------	--------

Cidadáns que se encargaban de supervisar os maxistrados e controlar o cumprimento das leis.

Eran os gobernantes das polis. Entre eles destacaban os estrategos, os arcontes e os xefes militares.

Era unha asemblea de cidadáns que se reunía para votar leis e decidir asuntos de política exterior.

Tribunal de xustiza elixido entre os cidadáns.

4.- Indica si as afirmacións seguintes son verdadeiras ou falsas

- a) As guerras do Peloponeso propiciaron a conquista das polis gregas polos macedonios.
- b) Alexandre Magno viviu no século III a.C.
- c) Alexandre Magno conseguiu formar o maior imperio da época.
- d) Alexandre Magno someteu Siria, Exipto ao Imperio Persa e á península Ibérica.
- e) Tras a morte de Alexandre, o seu imperio dividiuse en cinco reinos gobernados polos seus xenerais.

- f) Os gregos eran politeístas.
- g) Os deuses tiñan forma de animais.
- h) Os oráculos eran os encargados de predicir o futuro, para iso, observaban o voo dos paxaros ou as vísceras de determinados animais.

5.- Elixe a resposta correcta

a) Que cidadáns gregos non tiñan dereitos políticos?

- Os estranxeiros
- As mulleres
- Ambas respostas son correctas

b) Onde se atopaban os templos?

- Na ágora
- Na acrópole
- No oráculo

c) En Grecia

- naceu o teatro
- naceron os Xogos Olímpicos
- ambas respostas son correctas

d) A acrópole era

- un templo
- un lugar de refuxio e oración
- a praza principal da cidade

e) Os gregos practicaban unha relixión

- politeísta
- monoteísta

f) A nova forma de pensamento dos gregos centrada no ser humano e na razón chamouse

- filosofía
- mitolóxica
- comedia

6.- Completa o texto seguinte

As polis víronse debilitadas polas _____. Esta ocasión foi aproveitada por _____, rei de _____, para conquistalas, unha fazaña que remataría o seu fillo _____ quen acadou o imperio máis grande da súa época. Absorbeu os territorios de S_____, Exipto, M_____ e a India. O resultado da unión das culturas de Occidente e Oriente coñecese co nome de _____.

Tras a morte de Alexandre, o imperio dividiuse en tres _____. Á fronte da cada un deles estaban os seus xenerais. Esta división supuxo a súa fin.

7.- Sinala as características principais da democracia grega

- ☐ Calquera cidadán pode ser elixido para desempeñar un cargo público.
- ☐ Calquera muller de Grecia ou das súas colonias pode ser elixida para desempeñar un cargo público.
- ☐ É un sistema de goberno limitado.
- ☐ Propoñía a liberdade de prensa.
- ☐ As institucións principais do goberno democrático eran: a Ecclesia, os maxistrados, o Boulé e a Heliea.
- ☐ Perseguiu a igualdade ante a lei de todos os habitantes do seu territorio.
- ☐ As institucións principais do goberno democrático eran: os maxistrados, a apella e o Consello de anciáns

